

O tratamento dos residuos



Os televisores, vídeos e motores que chegan a Cerceda, embalados e listos para enviar a Bilbao, onde serán reciclados. / FRAN MARTINEZ

Hai xa anos que se comezou a incidir na importancia de reciclar o máximo lixo que se produce nas casas. Pero xa non só se recicla o vidro, o papel ou os plás-

ticos. As lavadoras, os televisores, os vídeos ou as neveras tamén poden reutilizarse se reciben o tratamento axeitado. Dun frigorífico, por exemplo, aprovei-

tase o aluminio e o cobre, os plásticos, o motor e mesmo as gomas ou os cables, até o 80% do seu volume. Diso encárgase a planta de tratamento de residuos volumi-

nosos de Cerceda, que leva case nove meses en marcha e a onde van parar os electrodomésticos e a basura tecnolóxica de Galicia e do noroeste de España

O destino do 'tecnolixo'

Á planta de Cespa, en Cerceda, chegan cada día unhas 15 toneladas de residuos voluminosos para ser despezados, triturados e logo, reutilizados. Só o 23% procede de Galicia

P. Mera
A CORUÑA

Cada día miles de electrodomésticos, televisores, vídeos ou móbiles quedan desfasados, vítimas da carreira tecnolóxica ou do puro consumismo. Boa parte deste tecnolixo vai parar a Cerceda, á planta onde todos os aparatos que desbotamos son despezados e triturados para reciclar a máxima porcentaxe dos seus compoñentes.

É que o destino destes residuos, que aumentan cada ano, xa non é —ou non debería— o vertedoiro ou directamente o colector. Primeiro, por unha cuestión de espazo: reciclando un frigorífico, por exemplo, aforrase un 180% do volume que ocuparía nun vertedoiro. Ademais, a maioría dos residuos eléctricos ou electrónicos (coñecidos como REE) teñen compoñentes perigosos e nocivos para o medio. Trátase, en resúmen, de que o principio dos tres erres —reducir, reutilizar, reciclar— non se aplique só ao papel, ao vidro e ao lixo doméstico.

Á planta de residuos voluminosos de Cerceda chegan cada día uns tres camiões con cinco ou seis toneladas de lavadoras, televisores, sofás, frigoríficos ou neveras industriais. En total, 15.000 quilos diarios de aparellos que, despois do tratamento axeitado, quedan reducidos a montañas de aluminio, cobre, poliuretano e algúns cables e gomas. Con todo, estas instalacións —de titularidade pública, da Xunta, pero xestionadas pola empresa Cespa— non están preparadas para reciclar calquera



Dous operarios da planta de Cerceda despezando dúas lavadoras. / FRAN MARTINEZ

A Xunta premiará os concellos que clasifiquen o lixo

A normativa europea sobre os REE exige aos concellos que poñan os medios para que todos os cidadáns poidan depositar o seu tecnolixo, dun xeito cómodo, limpo, seguro e respectuoso coa natureza e coa lexislación. Estes medios soen ser os puntos limpos, que xa existen en 90 dos 315 concellos galegos,

pero cunha eficacia moi dubidosa. 27 deles están pechados porque para os concellos é moi caro manterlos e ter persoal destinado a xestionalos. E moitos outros funcionan a medio gas. Boa parte disto é o feito de que, desde que se puxo en marcha o ano pasado, a planta de Cerceda aínda non recibiu ningún

cargamento de residuos procedente dos puntos limpos municipais. Para solucionar esta situación, a Xunta está a piques de asinar un convenio coa Fegamp polo que axudará economicamente os concellos que xestionen ben os puntos limpos, separando e clasificando o lixo segundo o tipo de residuo.

tipo de electrodoméstico: alí só se trata a chamada "liña branca" (neveras, frigoríficos, lavavaixelas, lavadoras, microondas...) e a "liña marrón" (móbles, colchóns...). O outro grande grupo de residuos

eléctricos é o da "liña gris": televisores, vídeos e DVD, ordenadores ou impresoras. Estes aparellos, aínda que tamén chegan a Cerceda, alí son embalados e enviados a outra planta en Bilbao, prepara-

da especificamente para reciclar a última tecnoloxía. Canto aos móbiles (calculábase que en Galicia tiráranse cada ano 200.000 teléfonos), reciben un tratamento especial por parte de Tragamóvil, o xestor que

se encarga de recollelos por toda España.

Na planta de Cerceda —situada ao lado do parque acuático—

(Pasa á páxina seguinte)

Os datos

17 toneladas anuais

O lixo tecnolóxico que se xenera en Galicia cada ano chega aos 17.500 quilos, segundo as estimacións da Xunta. Segun estes datos, que só son previsións, cada ano tiramos 60.000 televisores, 44.600 vídeos, 24.600 DVD, 57.000 radios, 69.600 ordenadores e 42.700 cadeas musicais.

En Cerceda

Na planta de Cerceda, xestionada por Cespa, reciclanse cada día unhas 15 toneladas de lixo tecnolóxico: unha media de 100 neveras e 400 lavadoras. As instalacións están preparadas para tratar uns 25.000 frigoríficos e 75.000 lavadoras cada ano.

O tratamento dos residuos

(Vén da páxina anterior)

o proceso comeza na chamada "praia de descarga", unha explanada na que se acumulan os aparellos que van traendo os camións. Aí pesase e numerase cada electrodoméstico antes de comezar o despece. Nesta fase, o primeiro é separar as gomas, os cables e o vidro, que son as partes dos aparellos que non reciben un tratamento especial na planta. Pero iso si, non se tiran, senón que se reenvían a fabricantes de cables e gomas para que os poidan reutilizar. Algo similar sucede cos compresores que levan as neveras e os frigoríficos, e cos pesos de formigón das lavadoras; tras separalos do electrodoméstico en cuestión, os xestores autorizados remítenos a fragmentadoras e factorías que aproveitan as pezas ou funden o material para reutilizalo. É o que co reciclado, aprovéntase até o 80% do volume

En España só hai outras dúas plantas, en Andalucía e Cataluña, para reciclar a liña branca

O proceso máis complicado, e tamén máis perigoso é a extracción, (mediante manguerías e bombonas seladas, e logo mediante aspiración) dos gases e aceites contidos, sobre todo, no poliuretano que levan os electrodomésticos de frío. Son os gases CFC, uns dos causantes do cambio climático. Unha vez *chupados* todos os CFC, o que queda vai á trituradora, da que saen anacos miudísimos de aluminio, cobre ou plástico. É así cos 100 frigoríficos e as 400 lavadoras —os electrodomésticos maioritarios— que cada día son reciclados en Cerceda.

En toda España só hai outras dúas plantas, en Andalucía e Cataluña, que teñan estes sistemas de reciclado dos residuos de liña branca, do mesmo xeito que os televisores só poden ser tratados nas instalacións de Bilbao ou Madrid. É por iso que só o 23% do tecnoloxía que chega a Cerceda procede de Galicia; o resto vén das tendas e puntos limpos da zona noroeste de España.


“Aínda segue habendo moitos vertedoiros ilegais”

A directiva europea sobre os residuos e aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE), publicada en 2003, obriga os municipios a dispoñer dunha infraestrutura axeitada para que os cidadáns poidan entregar estes residuos (os puntos limpos), obriga aos distribuidores a recollelos (é dicir, que cando compramos un electrodoméstico novo, a tenda está obrigada por lei a facerse cargo do vello) e ás Administracións central e autonómica a crear sistemas para reciclar os vellos. A planta de Cerceda é un destes sistemas.

A xerente das instalacións, Elvira Camarero, destaca a importancia de botar adiante estas políticas de respecto polo medio, pero tamén reconece que “desgraciadamente, en Galicia segue habendo moitos vertedoiros ilegais”, montes, solares ou

explanadas onde os veciños seguen deixando electrodomésticos, neumáticos, escombros, etc. “Neste sentido, estamos moi por detrás doutros países como Alemaña, que foi pioneira no tratamento dos residuos eléctricos e voluminosos”, engade. Un dos obxectivos da planta de Cerceda, que vai cumprir un ano de funcionamento, é que no futuro tamén se poidan tratar e reciclar alí as lámpadas, que tamén precisan dun sistema especial e homologado de reciclado.


A especificidade do reciclado do tecnoloxía reside nos gases e aceites que soen conter os seus tubos e baterías. Adoitan ser compoñentes que, expostos á atmosfera como pasa nun vertedoiro —, provocan graves danos ao medio, como o burato na capa de ozono ou o cambio climático. Por iso, para xestionar a súa eliminación ou re-



F. MARTINEZ

O poliuretano, a Sogama


O poliuretano (en primeiro termo), xa sen gases CFC, quéimase en Sogama para producir enerxeía. Os compresores das neveras lévanos ás empresas que os fabrican, por exemplo, en Carballo, para volver usar as pezas, igual cos cables, a gomas, ou o vidro, que vai se trata en Verín.



F. MARTINEZ

Só en Francia se poden tratar os CFC

Os gases CFC das neveras son moi nocivos para a natureza. Por iso, en Cerceda extráense (na imaxe) e acumúlase en tanques que logo se envían a Francia, onde está a única planta preparada para eliminálos



F. MARTINEZ

Unha lavadora feita anacos

O que se ve na foto, uns minutos antes, era unha lavadora, ou unha nevera, ou un microondas... Despois da trituración, o aluminio e cobre envíanse a fragmentadoras de metais que os funden e reutilizan.



F. MARTINEZ

20 colchóns en 20 centímetros

Ainda que non é o máis habitual, na planta de Cerceda tamén se reciclan mobles, sobre todo sofás. Despois de trituralos e prensalos, 20 sofás quedan reducidos a 20 centímetros de espuma.



F. MARTINEZ

Os plásticos, a Valencia

Os residuos eléctricos e electrónicos tamén levan plásticos. Os que se ven na imaxe son “de baixa calidade”, porque aínda teñen restos de poliuretano, e son enviados a unha planta en Valencia que os aproveita



A xerente da planta que xestiona Cespa en Cerceda, Elvira Camarero / F. MARTINEZ

ciclaxe, é preciso estar acreditado como un Sistema Integrado de Xestión (SIG). Os SIG son entidades como Ecolec no caso da liña branca, Asimelec ou Ecotic no caso da gris e marrón que se encargan de asinar con-

venios cos fabricantes de lavadoras, vídeos ou televisores, segundo o caso, para organizar a recollida dos aparatos nas tendas, o seu transporte a plantas como Cespa e campañas de concienciación.